

Nesta reunión deuse conformidade á relación de cursos a impartir dentro do Plan de Formación Continua 2025, quedando pendente para a aprobación definitiva o día 21 de xaneiro onde se tratarán os cursos relativos á DGP. Neses cursos o principal problema é a falta de ponentes; a Policía non quere que se impartan dentro da formación do Ministerio, se non exclusivamente no ámbito da DGP.

A CIG está de acordo exclusivamente cos cursos propósitos polo Ministerio (pendentes do que suceda cos específicos da Policía). Non o estamos có Plan de Formación por entender que exclúe a participación sindical, o que lle priva da necesaria transparencia e tampouco abre a todo o persoal con formación a posibilidade de ser ponente nos cursos que se imparten (algo que é retribuído).

Temos que lembrar que os sindicatos só participamos da elección de cursos que se financian cos cartos de Función Pública - Acuerdo de Formación para el empleo de las Administraciones Públicas (AFEDAP) -. Existe outra parte de cursos que son financiados polo propio Ministerio onde a representación sindical non se admite.

Ademais da solicitude de programación de cursos relativos ao ámbito da DGP que fixemos na anterior reunión, nesta **a CIG fixo as seguintes propostas** en relación ao xeito de xestionar a formación:

- **Petición de participación sindical na selección de alumnado e ponentes:** neste punto o Ministerio negouse a dar cabida aos sindicatos.
- **Posibilidade de que todo o persoal coa formación necesaria poida ser ponente dos cursos.**
- Isto suporía a existencia dun ficheiro de ponentes onde calquera traballadora ou traballador que tivera formación nalgunha das materias dos cursos a convocar poidera ser ponente.
- Debemos lembrar que a impartición de formación é retribuída e agora esa posibilidade repártese entre moi poucas persoas. Ademais, facilitaría poder das aqueles cursos onde agora non temos ponentes.
- Neste caso o Ministerio dixo que de momento o que vai facer é solicitar os ponentes a todas ás unidades para que sexan elas ás que propoñan a xente que esté formada. A CIG entende que este sistema é pouco transparente e non garante a difusión da petición entre todo o persoal. Aínda así, non deixa de ser un primeiro paso.
- **O establecemento da progresiva implantación da obriga de que o persoal ponente nos cursos conte co curso de metodoloxía didáctica** (tamén chamado formador de formadores). O Ministerio foi receptivo e dixo que este ano vai facer unha convocatoria deste curso para que as persoas interesadas en ser formadoras o poidan pedir.
- **A creación dun itinerario formativo para cada tipo de posto** que agrupe as accións formativas necesarias para dotar ao persoal dos coñecementos necesarios sobre **o seu posto de traballo**. Neste caso o Ministerio dixo que está co tema pero que o vai facer a medida que o desenvolva Función Pública. Dende a CIG lamentamos que o Ministerio non se poña xa en marcha co tema porque o ritmo de Función Pública vai máis que lento.